



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «APROBACIÓN CONTA XERAL 2023»

Data:

28 de novembro de 2024

Duración:

Desde las 13:15 hasta las 13:45

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apellidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	NON
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	NON
36071720S	María del Carmen Acacio López	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Jesús Fernández García:
«motivos personais»
2. MIGUEL VIEITO VILLAR:
«motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Os membros da Xunta de Goberno Local aproban, por unanimidade, a acta da sesión plenaria anterior de 31 de outubro de 2024

Expediente 1048/2024. Peche e Liquidación do Orzamento

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria (8 a favor PP, 2 en contra BNG e 1 abstención do PSOE)
------------------	---

Resolución:

Os membros do Pleno deste Concello de Outeiro de Rei aprobaron por 8 votos a favor do PP, 2 en contra do BNG e 1 abstención do PSOE a seguinte proposta, que se copia:

Ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de 22 de outubro de 2024.

Foi sometida a información pública no BOP de Lugo o día 28 de outubro de 2024 por período de 15 días hábiles sen que consten presentadas alegacións.





Con base no anterior propoño ao Pleno da Corporación que aprobe a Conta Xeral do Concello de Outeiro de Rei do exercicio 2023.

En Outeiro de Rei.

O alcalde

Debate

O Sr. Alcalde le os datos da Conta xeral dos que xa deu conta na Comisión Especial de Contas, como por exemplo o referido ao Remanente de Tesourería.

Fala tamén dos créditos definitivos e de que se fixeron efectivos practicamente todos os gastos comprometidos salvo os destinados á Palloza e os destinados ao préstamo da piscina, xa que se vai solventar doutra maneira.

Intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro e di que efectivamente unha gran parte do orzamentado gastouse pero que existe unha gran parte de gasto que foi executado sen estar orzamentado. Manifesta que ademais existen moitos ingresos de cobros que se levan a cabo sen ordenanzas municipais.

Alega tamén que se incumple o Plan de Saneamento que aprobou o concello. Di o concelleiro nacionalista que por estas cousas existe a morosidade que hai, que a débeda por habitante é 3 veces ou superior ao investimento que se fai. Di que existe un riesgo de facer as cousas fora das normas.

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que a Conta Xeral está presentada fora de prazo e que os 354000€ que existen na conta 413 xa demostrana pouca planificación orzamentaria.

Di que existen moitos gastos sen consignación orzamentaria.. Critica que ocorren estas cousas porque o orzamento apróbase a 3 meses de acabar o ano. Di que existe risco de rematar con suspensión de pagos.

Intervén o Sr, Alcalde e di que hai 3 anos criticábanno por non gastar o diñeiro orzamentado. Que o Goberno de España non é quen de levar a aprobar o Orzamento do Estado e iso é moito peor. En relación ao tema das Ordenanzas di que os veciños son plenamente coñecedores do coste dos servizos. Alega o Sr. Alcalde que o concello ten liquidez, que ata o pago á Xunta pola obra da piscina vaise facer sen endebedamento.

Di o Sr. Alcalde que o seu grupo vai apoiar as contas porque tendo os impostos mais baixos e coa cantidade de servizos que se prestan séguense facendo obras.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

